

PROXECTO PORTOMARIÑEANDO: TECER LIBROS E BAILAR GAITAS

Memoria con data 30 de xaneiro, 2023

Co gallo de ampliar e diversificar a oferta cultural no municipio de Portomarín, o Concello de Portomarín foi beneficiario dunha subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)¹ para realizar as seguintes actividades, que se están a realizar desde outubro 2022 e terán continuidade ata finais de marzo 2023:

EN ITINERANCIA: (bailes, cantos tradicionais e regueifas). Con esta actividade trátase de dinamizar e vertebrar a vida cultural (especificamente, os bailes, cantos tradicionais e regueifas) do Concello (a propia vila e as 19 parroquias que o conforman). En todas elas e na propia vila de Portomarín estanse a organizar xornadas de bailes, cantos tradicionais e regueifas, para o que se conta con axentes dinamizadores (asociacións de baile e música tradicional e regueifeiros) que, ademais de actuar, animan o público a participar. Nun tecido poboacional configurado, na súa maioría, por xente maior, esta acción ten unha dobre finalidade: activar as lembranzas das persoas de idade (contribuíndo así ao mantemento das funcións cerebrais) e axudar a incrementar o acervo de cantigas tradicionais e antigas. A organización e a maior parte das actuacións corre a cargo da Asociación Río Miño (con sede social na propia vila), con colaboracións puntuais doutros artistas (Asociación de Gaiteiros Galegos e Josiño de Teixeira)

Na data de redacción desta memoria a Asociación actuou en 11 lugares diferentes do concello (a propia vila de Portomarín, Recelle, San Mamede de Belade, San Fiz de Rozas, Bagude, O Castro de Soengas, Gonzar, Santiago de Soengas, León, Vilaxuste e Nespereira). Participaron a práctica totalidade dos membros da asociación (meninos, mozos e mesmo un gaiteiro nonaxenario).

Finalmente, as actuacións fixéronse en domingo porque así se aproveitou que ese día era cando había misa e isto asegura que se congreguen os habitantes das parroquias. Ao final da actuación os membros da asociación sacaron a bailar á xente.

Ademais, esta actividade complementarase con mesas redondas onde se falará dos cantos, regueifas e bailes tradicionais (Asociación de Gaiteiros Galegos, Asociación Oral de Galicia e Josiño da Teixeira).

¹ Subvencións para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas Territorio Cultura. Fondos da Unión Europea (NextGeneration).

CALENDARIZACIÓN: 24 DOMINGOS / 6 MESES

LIBROS LIBRES: (recuperación da biblioteca pública do Concello): Asociación Río Miño, Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil e Universidade de Vigo. Con esta acción preténdese recuperar e pór en funcionamento a antiga biblioteca do Concello, que leva tempo cerrada. As accións propostas son:

-Revisión e catalogación de fondos: en curso

-Incremento dos fondos mediante partida específica e campañas de doazón de libros: a recollida de libros farase tódolos sábados do mes de febreiro (entre 11.30 e 13.30 na Casa da Cultura de Portomarín).

-Apertura (mínima) da biblioteca todos os sábados de mes (desde a concesión do proxecto ata a finalización do mesmo): en curso

-Xornadas de contacontos (en galego e inglés): realizouse un primeiro contaconto coincidindo coa festa do Samaín (ver “historias” no Instagram da Asociación Cultural Río Miño); agora están programados contacontos para tódolos sábados dos meses de febreiro e marzo.

-Xornadas de poesía e cantos tradicionais (en galego): realizáronse “Cantos de reises” polos establecementos de restauración da vila e tamén na residencia-centro de día de Paradela (ver “publicacións” no Instagram da Asociación Cultural Río Miño).

-Xornadas de cultura cinematográfica, artes escénicas e maxia (homenaxe ao Conde de Waldemar, mago portomariñense célebre nado na parroquia de Bagude): desde o inicio do proxecto ata o mes de decembro celebrouse un obradoiro de teatro para ensinar aos nenos as bases desta modalidade escénica; posteriormente, representouse a obra “A viaxe de Xoana” en dúas ocasións (Nadal e a petición da dirección do colexio CEIP plurilingüe Virxe da Luz). Tamén contaron coa representación teatral no salón de actos da Casa da Cultura da obra “O ratiño presumido” (Trinke Trinke Teatro).

No momento de redactar esta memoria estase acabando de programar un ciclo de cine con coloquio posterior (no que participarán directores das películas e especialistas en cine da Universidade de Vigo). Tamén se está acabando de programar unhas xornadas de maxia nas que aproveitaremos para inaugurar a nova biblioteca/axencia de lectura especializada en literatura infantil e xuvenil, que levará o nome de “Conde de Waldemar”, insigne mago nado en 1885 nunha parroquia do Concello de Portomarín.

-Tik Toks galegos: aproveitando as novas narrativas dixitais e formas de comunicación habituais entre a mocidade, impartirase un obradoiro sobre esta rede social e organizarase un concurso de Tik toks en lingua galega (videopoemas), o que tamén contribuirá ao proceso de normalización da mesma e a que a xente nova xogue coas palabras e conecte o mundo dixital coas xéneros literarios máis tradicionais (poesía).

-Clubs de Lectura (infancia/mocidade e terceira idade): para fomentar os hábitos lectores entre a poboación rural estamos organizando clubs de lectura para adultos, xente da terceira idade (colaboración coa Asociación O Ramallo e coa Asociación O Xaramago) e para meniños e mozos (meses de xaneiro, febreiro e marzo).

CALENDARIZACIÓN: todos os sábados (en horario a acordar co Concello, tendo en conta o resto das actividades culturais, deportivas, etc. da vila) desde a concesión do proxecto e ata a súa finalización).

Actividades con perspectiva INCLUSIVA: todas estas actividades buscan a inclusión e son accesibles a persoas con discapacidade ou problemas de comprensión lectora, etc. (ex: fanse audiodescribiións para persoas cegas, subtítulos para persoas xordas ou lectura fácil para persoas con discapacidade cognitiva ou problemas de comprensión lectora).

Cult-URA na RÚA: cando as condicións climatolóxicas o permiten, algunha destas actividades ofrecése na praza e nas rúas do concello, marco excepcional para o intercambio cultural tamén con persoas doutra procedencia xeográfica, ao ser o Concello de Portomarín punto clave no Camiño de Santiago. As actividades de En itinerancia fanse habitualmente ao aire libre nas parroquias, agás cando as inclemencias do tempo obrigan a facer uso dos locais sociais que moitas delas teñen.

Carteis informativos das actividades, fotos e vídeos:

-Páxina web do Concello de Portomarín: <http://www.concellodeportomarin.es/>

-Instagram da Asociación Cultural Río Miño: <https://www.instagram.com/a.c.riominho/>